

CAMPAÑA DE ACOSO DO PPdeG CONTRA O PRESIDENTE DO GOBERNO GALEGO BASEADA EN INSIDIAS, MEDIAS VERDADES E COMPLETAS FALSIDADES

- **A intención dos populares galegos é crear alarma, posto que a súa estratexia está baseada en resucitar asuntos que tiveron lugar fai anos descontextualizándoos**
- **PP mente sabendo que mente porque lles custa admitir que un socialista poida estar á fronte da presidencia da Xunta de Galicia**
- **Menten desprestixiando ás institucións galegas porque non teñen outra cousa que facer, xa que ven que tódalas súas propostas económicas están agora en crise**
- **Nestes momentos de dificultade económica non imos tolerar que os populares insistan no seu intento de desprestixio do presidente da Xunta de Galicia e as institucións**
- **As obras de remodelación no bloque central e laterais do edificio da Xunta en San Caetano, onde se sitúa o despacho do presidente, se acometeron en decembro do ano 2005 e tiveron un custe de 1.600.000 euros**
- **O despacho do presidente da Xunta que, tras estas obras, pasou da planta intermedia á planta baixa, ocupa practicamente a mesma superficie có do anterior presidente da Xunta**
- **Resulta grotesco que quen levou a cabo a construción da residencia de Monte Pío, que custou máis de 2.500 millóns de pesetas, tendo o respecto das restantes forzas políticas, faga agora da reforma do edificio central de San Caetano unha cuestión de demagogia partidaria”**
- **O actual Goberno, en relación a gastos de Representación e Protocolo executou no 2006, 592.000 euros; no 2007, 762.000 euros e no presente uns 700.000 euros, por debaixo do gasto do anterior Goberno**
- **Nesta lexislatura, este Goberno mercou 3 vehículos marca Audi, mentres que o anterior Executivo adquiriu 30 en oito anos**
- **Semella que tan só Feijoo, Louzán ou Fraga tiñan dereito a ter despacho ou utilizar coche oficial; esqueceron que estes vehículos son os mesmos que hai tres anos**

- **Trátase dunha deliberada e predeterminada estratexia de ataque ao presidente da Xunta que pretende sementar dúbidas sobre o seu comportamento en diversos ámbitos.**
- **O máis grotesco de toda esta campaña é que vai dirixida contra un dos ámbitos menos vulnerables do presidente da Xunta, do que destacamos a súa austeridade. Non o terán visto comer en restaurantes de luxo nin dedicar os seus fins de semana a cacerías ou monteirías ao longo e ancho de España.**

1. Despacho do presidente da Xunta en San Caetano

É o último episodio desta estratexia que está a seguir o PP, que nin sequera en épocas preelectorais se entende nin se explica, e tampouco ten precedentes na nosa Comunidade Autónoma.

O PP xa solicitou estes datos no Parlamento, onde lle foron entregados en febreiro do 2006, ao tempo que en outubro dese mesmo ano se lle contestaron outras dúas preguntas sobre o mesmo asunto.

Toda a obra realizouse coa mesma memoria de materiais e a través dun mesmo proxecto construtivo, unha vez que, a raíz dun problema coa instalación eléctrica desa área, foi necesario renovar o subministro, o que se aproveitou para acometer unha remodelación total do espazo, no que se instalou un novo elevador, de acceso á parte posterior de San Caetano.

2. Gastos de representación e protocolo

Nunha intervención parlamentaria do líder dos populares galegos este acusou ao presidente da Xunta de pagar o aluguer da súa residencia de verán con fondos públicos. Unha acusación que o xefe do Executivo autonómico desmentiu ao entregar ante a Cámara a factura correspondente, entregada o pasado 24 de setembro sen que Alberto Núñez Feijóo se desculpara polas súas acusacións.

Outra das acusacións do PPdeG denunciaba o incremento ata case 800.000 euros nos gastos de Representación e Protocolo.

Estamos ante auténticas falsidades: e isto amósase cos datos comparativos do orzamento executado con cargo á partida do capítulo 2 relativo a gastos de Representación e Protocolo rexistrados na época do Goberno Fraga e no actual.

No 2002 o Goberno do PP executou 720.000 con cargo a esta partida; no 2003, 768.000 euros; no 2004, 790.000 euros; e no 2005 871.000 euros ata o cambio de goberno. Comparativamente, o actual Executivo executou no 2006,

592.000 euros; no 2007, 762.000 euros e no presente ano executará unha cantidade similar que roldará os 700.000 euros, por debaixo do presuposto do anterior Goberno.

Segundo os datos do INE, en Galicia as tarifas de transporte aéreo subiron nestes últimos cinco anos un 47,7 por cento e os prezos ao consumo case un 27,3 por cento. A pesar desta subida de custos os orzamentos executados nos anos deste Goberno en gastos de Representación e Protocolo son en contía inferiores aos do PP nos seus últimos anos de Goberno.

3. Vehículos

Os servizos de automóbil destinados ao presidente están compostos por dous vehículos con carácter permanente de modelo A8.

No 1997 adquiriuse o primeiro Audi para o ex mandatario autonómico, Manuel Fraga, ao que lle seguirían dous A-8 nos anos 2000 e 2002. Foi precisamente durante o seu goberno cando o parque móbil da Xunta entre o ano 97, cando se adquiriu o primeiro, e o 2005, mercou 30 vehículos de marca Audi.

Durante o mandato de Emilio Pérez Touriño só se teñen mercado 3 vehículos marca Audi, un A-8 para o presidente -que substituíu ao anterior vehículo de igual marca e modelo adquirido en 2000-, e outros 2 vehículos Audi modelo A-6.

Curiosa tendencia ao luxo cando entre 1997 e 2005, oito anos, se compran 30 coches e nos seguintes tres anos, correspondentes ao Goberno de Emilio Pérez Touriño, tres.

As características do coche que emprega o presidente atribúense a cuestións de seguridade.

4. Outros exemplos de non austeridade do PP

En Vigo, cando era alcaldesa Corina Porro, comprou á Universidade o edificio do antigo reitorado por 3 millóns de euros e quixo levar alí as dependencias da alcaldía. Gastou 1 millón e medio de euros nas reformas e na adecuación das instalacións. Inaugurouno a finais de outubro do 2006. Utilizouno 6 meses. Pero despois decidiu que non era operativo, porque os concelleiros estaban a quilómetro e medio, nas dependencias do concello.

Un saúdo. Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE